

COMUNICADO OFICIAL

A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL BUSCARÁ ALTERNATIVAS AO USO DA MÁSCARA PARA OS ADESTRAMENTOS E A COMPETICIÓN

Todos os estamentos do fútbol galego e médicos especialistas trasladaron durante o día de onte a súa negativa ao uso da máscara na práctica do fútbol

A RFGF someterá á aprobación da Secretaría Xeral para o Deporte e da Consellería de Sanidade un protocolo con medidas alternativas que permitan xogar ao fútbol con garantías sanitarias e sempre que exista o consenso maioritario dos clubs

Rafael Louzán remarca que o fútbol tamén quere trasladar á sociedade a súa implicación na posta en marcha de medidas que contribúan a mitigar os efectos do Covid-19

Unha vez coñecida a ORDE do 17 de setembro de 2020 da Consellería de Sanidade, na cal se abriu a posibilidade da práctica deportiva **con contacto** pero coa obriga de usar máscara nos adestramentos e na competición, a Real Federación Galega de Fútbol comezou unha intensa rolda de consultas con todos os estamentos do fútbol galego e tamén con médicos especialistas en medicina deportiva para analizar a viabilidade do uso da máscara na práctica do fútbol. E logo de escoitar infinidade de opinións e valoracións, a conclusión á que chega a RFGF é que **se deben buscar medidas alternativas ao uso da máscara tanto para os adestramentos como para os partidos de fútbol.**

Desde a RFGF agradecemos o esforzo que se está a facer desde a Secretaría Xeral para o Deporte e da Consellería de Sanidade para recuperar unha certa normalidade no deporte, e entendemos que esa actualización do protocolo supón un gran avance para moitas disciplinas deportivas. Pero atendendo a ese análise realizado no día de onte e tendo en conta o referido na citada Orde da Consellería de Sanidade, a RFGF xa está a traballar para presentarlle á Secretaría Xeral para o Deporte un **protocolo actualizado con medidas alternativas de protección específica**, posibilidade esta que deixa aberta a propia Consellería na Orde publicada este xoves.

Rafael Louzán xa lle comunicou esta postura do fútbol galego ao propio secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete, remarcando que **a RFGF presentará en breve ese protocolo actualizado que debe ser aprobado e autorizado pola propia Secretaría** e que terá como obxectivo poder iniciar as competicións cando as autoridades sanitarias así o consideren, e sempre con medidas que ofrezan garantías sanitarias. Porque o fútbol quere recuperar a actividade, pero non a calquer prezo, xa que a prioridade segue a ser a saúde dos deportistas. E en este sentido desde a Federación

enténdese que o deporte debe xogar un importante papel na medida en que a práctica deportiva é sinónimo de saúde, de hábitos saudables, e tamén de formación.

O presidente da RFGF remarca o compromiso do fútbol galego en contribuir coa sociedade na posta en marcha de medidas que teñen como obxectivo loitar contra a propagación do virus. Engade Louzán que a Federación axudará aos clubs con medios económicos na posta en marcha desas medidas.

Unanimidade nos diferentes estamentos

Todos os estamentos do fútbol galego coinciden en rexeitar o uso da máscara na práctica deportiva. Ningún dos futbolistas, dos adestradores, dos árbitros, nin dos clubs consultados deron unha valoración favorable do uso da máscara e en resposta a esa valoración unánime, a Federación ten claro que debe buscar e traballar a fondo para poñer en marchas esas solucións alternativas.

A Coruña, 19 de setembro de 2020

A Xunta Directiva
Real Federación Galega de Fútbol